

# REGULAMENTO

## XII CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

Campus de Vigo, 17 de marzo de 2012

**ORGANIZA:** Servizo de Deportes da Universidade de Vigo.

### 1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os membros das comunidades universitarias (estudantes, persoal de administración e servizos, e persoal docente e investigador, sen ningún límite de idade) das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

### 2. INSCRICIÓNS

Ata as 14:00 do día 8 de marzo de 2012 a través dos Servizos de Deportes de cada unha das Universidades participantes.

As Universidades da Coruña e Santiago de Compostela remitirán as súas inscricións ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo (Fax 986814061) ou por correo electrónico: [deportes@uvigo.es](mailto:deportes@uvigo.es)  
Serán os Servizos de Deportes de cada unha das Universidades os que comprobarán a pertenza dos inscritos á súa comunidade universitaria.

### 3. ACREDITACIÓN

A acreditación dos participantes realizarase na zona de concentración a partir das 09:30 h.  
Documentación necesaria: DNI, pasaporte ou carné de conducir.

### 4. CATEGORÍAS

A competición disputarase nas categorías feminina e masculina.

### 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Realizarase unha carreira a pé modalidade Sprint, por categoría na modalidade individual diúrna, con visita obrigatoria dos controis na orde indicada.

O gañador será o corredor/-a que invista menor tempo en rematar o percorrido correctamente.

### 6. CLASIFICACIÓNS

Establecerase unha clasificación individual para cada categoría e unha clasificación por universidades que resultará de sumar as catro mellores puntuacións de cada universidade, dúas da categoría feminina e dúas da masculina.

As puntuacións de cada corredor virán dadas da seguinte maneira:

<p>1º clasificado/a: 100 puntos</p> <p>Puntos corredor “n” = (tempo gañador/tempo corredor “n”) x 100</p>
---

## 7. PREMIOS

Entregaranse trofeos por categorías ós tres primeiros/as clasificados/as e por universidades.

## 8. MAPA

“Campus de Vigo”.  
Escala 1:5.000 equidistancia 2m.  
Realizado por Javi Arufe, Natalia Pedre.

## 9. NORMAS TÉCNICAS

- A saída é “con chamada” e o corredor debe estar na saída 3 minutos antes da súa hora asignada.
- O mapa entregarase na saída e será responsabilidade de cada corredor comprobar que corresponde á súa categoría.
- O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será, polo menos, de 2 minutos.
- A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso.
- Fíxase un tempo máximo de 2 horas para todos os percorridos. Transcorrido ese tempo o participante quedará descalificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- É obrigatorio seguir os tramos de ruta marcados pola organización.
- Todo participante que abandone a proba deberá dirixirse ao control de meta e entregar o seu mapa.
- Poderán ser descalificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante ou despois da carreira.
- Está prohibida a asistencia entre participantes, agás en caso de accidente, que é obrigatoria.
- Os corredores deberán realizar a proba en silencio.
- Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente regulamento.

## 10. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por tres membros: un representante da universidade organizadora e un corredor/a de cada unha das outras universidades participantes. As Universidades da Coruña e Santiago de Compostela farán constar no formulario de inscrición a

persoa que designan para formar parte deste comité que resolverá as situacións non previstas neste regulamento así como as posibles reclamacións.  
Todo o non contemplado nos apartados anteriores resolverase de acordo cos Regulamentos Técnicos de Competición da AGaCO, FEDO e IOF.

## 11. LUGAR DE CONCENTRACIÓN:

Pavillón de Deportes do Campus de Vigo.

## 12. HORARIO:

09:30	Acreditación.
10:30	Saída dos primeiros corredores
14:00	Entrega de premios.